

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

## O Cardeal Payà y Rico e Rosalía de Castro

**Pilar García Negro**

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# O Cardeal Payà y Rico e Rosalía de Castro

**Pilar García Negro**

---

O día 23 de Febreiro de 2024 –187 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro– tivo lugar no Museo Provincial de Lugo –organizado por este centro e mais pola Deputación Provincial– un coloquio, dentro do rubro “Diálogo de saberes” arredor da nosa escritora fundacional. Participaron nel o historiador Simón Vicente López e as profesoras da Universidade da Coruña Carme Fernández Pérez–Sanjulián e María Pilar García Negro, acompañados do retrato do Cardeal Payà, traído desde o Pazo de Tor, onde se encontra e pode ser contemplado, xunto con todas as dependencias deste relevante monumento histórico. Unirmos ambas personalidades na mesma disertación equivaleu a nomearmos a tese e a antítese, persecutor e perseguida, como tamén, claro está, a novela *El primer loco* (1883) e o poema de *En las orillas del Sar* (1884) “¡Jamás lo olvidaré...! De asombro llena”, en que a escritora denuncia irada a inclemente destrución do bosque de Conxo, instigada e promovida polo cardeal, arcebispo de Santiago de Compostela, entre a indiferenza xeral, e proclama o seu amor infinito á patria galega, á Galiza que existe e debe seguir existindo. A elocuencia é precisa, pois “es el silencio hermano de la muerte” e ela non quer que a súa patria

morra, senón que, cal Lázaro redivivo, clame ao mundo a súa existencia. Lembramos tamén como foi o investigador e escritor Francisco Rodríguez quen, na súa tese de doutoramento (1988, publicada este ano e reeditada en 2011) desvendou o sentido, función e transcendencia deste poema, imprescindible para comprendermos o significado profundo de *En las orillas del Sar* e rotundo desmentido da especie crítica que fala da “demisión” de Rosalía de Castro verbo do seu país e da defensa do mesmo.

Agradecemos inmenso a Simón Vicente López a publicación da carta do cardeal Payà, dirixida ao seu sucesor no arcebispado compostelano, o cardeal José María Martín de Herrera, ben que da súa contextualización e comentarios, de alto valor informativo. O segundo dos mencionados “herdou” –para alén da apropiación de Conxo– a zunia contra Rosalía de Castro, como ben evidenciou en 1891, seis anos após o falecemento da escritora, co gallo do traslado dos seus restos mortais de Adina a San Domingos de Bonaval, crónica que tamén exhumou e estudou Francisco Rodríguez na obra citada *supra*.

– Pilar García Negro

## Retallos dunha historia “manicomial”

– Simón Vicente López

A loucura galega sufriu idéntico Gran Encerro que as demais tolerías da Europa chamada civilizada. O Estado liberal, conmovido polos avances hixienistas, lexislou por razóns de economía mercantilista. Así que a demencia, un problema de saúde pública, sería recluída nunha tipoloxía arquitectónica homologada desde a Academia madrileña: o manicomio, un monstro edificado, híbrido de cárcere e hospital. As leis de Sabela II despexaron as dúbidas de séculos anteriores. A sinrazón deixou de integrarse en todo acto de pensamento –alegaba Montaigne– e pasou a ostentar categoría propia. Foi enfermidade social. As capitais empedraron a súas rúas, construíron parques e xardíns, teatros, alumamentos públicos –luz da razón–, cemiterios municipais, cárceres e hospitais. No mellor dos casos, tamén un manicomio para cerrume da súa tolería provincial. No peor, habilitaron vellos edificios e levantaron onde for calabozos nos que afogar a anguriosa diferenza. Este pesadelo da razón non sempre tivo orzamento axeitado. Nin para manicomios, nin tampouco para argallar celas en antigas casas de beneficencia. Cantos tolos, cantas tolas despoixadas de razón e recursos foron levadas a cabalo, dende o convento franciscano de Lugo ao manicomio de Valladolid? Quen colleu o tren, cando o houbo, ao mesmo destino en Castela, nunha viaxe de 23 horas para enlouquecer?

Lugo, a excepción daquel soño rural de Vilapedre, non tivo manicomio até 1953. A construción do Psiquiátrico de San Rafael, un labirinto racionalista ideado por Alfredo Vila, autor do célebre Gran Teatro, achegou a demencia á súa xeografía natural. E abaratou a creba ocasionada ás catro deputacións polo gran sobrevivente daquel Gran Encerro decimonónico: Conxo. A xestión da tolemia, até 1969 en mans da mitra, pasou a mans públicas. Mais a inversión do Cardeal Payá levaba décadas amortizada. O arcebispo reinventou as reliquias do apóstolo e pagou do seu peto unha metamorfose arrepiante. O Banquete solidario, obreiro e pondaliano deveu antro empresarial. A maiores, o manicomio do arcebispo borrou para a historia o proxecto inadvertido doutro. Non pasou do papel e remataría, por relanzos de arquivo, agochado en Tor, pero Compostela acariñou a idea dun grande irmán psiquiátrico no que escrutar a perturbación. Suxestionado polo inquietante paradigma de Bentham inoculado naquela Academia, o arquitecto municipal, Manuel de Prado y Vallo, autor tamén dun Teatro Principal, deseñou a súa propia versión do panóptico para construílo cabo do Grande Hospital Real.

Nesta “Vida tralos labirintos mentais. Historias soterradas” poñémoslle nome ás tolas que houberon de cabalgar até Valladolid, exhumamos a concisa historia dos calabozos que ocuparon, rescatamos da ignorancia o gran teatro da desorde mental que un día quixo levantar Santiago, así mesmo, a planimetría do encerro lucense, os testemuños e expedientes de quenes o habitaron. Todo baixo a inspiración de “Voces esquecidas. As Mulleres do Hospital de Conxo” (Exposición no Arquivo de Galicia) e coa colaboración do Arquivo Biblioteca do Museo Provincial de Lugo, Arquivo Biblioteca da Catedral de Santiago, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Xeral da Deputación de Lugo, Arquivo Histórico Universitario de Santiago e Arquivo Biblioteca do Pazo de Tor.

## Díálogo de saberes arredor de Rosalía

– Simón Vicente López

Intrahistorias de *En las orillas del Sar*, *El primer loco* e o patrimonio documental e artístico do Pazo de Tor.

O 19 de xullo de 1885 ingresou no Manicomio de Conxo o primeiro alienado galego após unha historia que se remonta aos anos 1849–1852, datas da promulgación da Lei de Beneficencia e decreto de aplicación que obrigaban aos entes provinciais a construír ou, no peor dos casos, habilitar vellos edificios para manicomializar a demencia. Unha historia con certas incógnitas por resolver.

Grazas aos fondos documentais e tamén artísticos do Museo Pazo de Tor fomos quen de botar luz sobre unha parte descoñecida daquela historia posto que o primeiro gran proxecto de Manicomio Galego non foi o de Conxo senón outro inédito de 1853: fora deseñado polo arquitecto municipal de Santiago, Manuel de Prado y Vallo. O edificio, do que se conservan uns planos estupendos, adaptaba, versionaba o deseño radiocéntrico, o panóptico de Bentham, que tanto servía para levantar teatros, cárceres como a de Lugo, ou psiquiátricos, en resposta aos debates da Academia de San Fernando sobre a forma modélica que habería de observar a nova tipoloxía de edificio.

Cinco anos despois das trazas orixinais gardadas en Tor, aínda se mantiña a idea de construír o manicomio cabo do Grande Hospital Real de Santiago, edificio ao que iría adosado o panóptico. Desboutouse un proxecto de edificio pero tamén a súa localización, en pleno centro urbano, a escasos metros do Obradoiro. Na crónica en prensa da visita de Isabel II a Santiago, lemos o seguinte:

“entre los privilegios y mercedes conseguidos se asegura que nombró a todos los canónigos sus capellanes de honor, hizo a los doctores en claustro caballeros cubiertos... declaró central de Galicia el Hospicio de esta y prometió dispensar su real protección a este Hospital ORDENANDO QUE SE LE AUMENTASE UN MANICOMIO”.

Por razóns non explicitadas na documentación, o proxecto, dicía, desbotouse. Hai que dicir que a primeira persoa en mencionar Conxo coma sede do manicomio foi a condesa de Espoz y Mina, dona Juana de Vega. Fíxoo xustamente a raíz desa visita da raíña Sabela II, mais o ano 1862:

“La señora condesa de Espoz y Mina tuvo la honra de manifestar a S.M. el establecimiento de un hospital de dementes central de Galicia situado en Santiago”

Namentres non se construía Conxo –faríao finalmente baixo a tipoloxía de pavillóns a mans do arquitecto Faustino Domínguez (do que hai un fondo suxerente de planos de igrexas parroquiais no arquivo do Pazo)– os tolos e as tolas galegas viaxaban a Valladolid a cabalo. Soubemos que o propio museo provincial de Lugo funcionou entre 1850 e 1853 como manicomio rudimentario, que se construíron no claustro 11 celas e que as condicións de vida dos doentes eran pésimas.

Ben, a idea de levantar no mosteiro de Conxo un hospital para alienados retomaríaa, facéndoa propia e, por sermos claros, capitalizándoa, o cardeal Payá y Rico aos poucos de se posesionar (posesionouse en 1875 e no ano 1878 fixo os primeiros movementos arredor de Conxo). Foi un arcebispo mitificado pola súa suposta beneficencia, sempre recordado pola reinvención dos restos do apóstolo; gabado polo

sector máis conservador e tradicionalista pola súa iniciativa de custear do seu peto a construción do Manicomio Galego. Foi unha iniciativa por suposto interesada. Contou co beneplácito ou laissez faire do goberno de Castelar e supuxo a privatización, ou externalización, se se quere, dun servizo que as deputacións provinciais delegaron, a pesar das tarifas tan elevadas a respecto doutras institucións. Así sería até o ano 1969.

A usurpación de Conxo por parte de Payá fora denunciada polo xornalista excomungado Alfredo Vicenti, primeiro en 1882, (“El escándalo de Conjo”, *La Ilustración Cantábrica*, xuño de 1882) e ao ano seguinte nun artigo publicado en *El Globo*. Un escrito revelador por canto relaciona ambas empresas, a *reinventio* dos restos, co subseguinte bum das peregrinacións (en 1885 chegaron os primeiros 3.000 peregrinos) e o manicomio:

«Apartose del señor Payá el elemento liberal y reconciliáronse con él los tradicionalistas. Así logró realizar el prodigioso descubrimiento de los huesos supradichos e incoar en debida forma y con todo género de testimonios eclesiásticos y facultativos el ordinario expediente. Aprenderemos a decir que en ese particular obraba con los mejores intentos S. Emma., deseoso de renovar en provecho de la decaída Compostela las antiguas cristianas y lucrativas peregrinaciones [...]. El Señor Payá, cuya actitud favoreció no poco al Gobierno, acaba de cobrar por adelantado. Nos referimos a la incautación del magnífico exmonasterio y diestros de Conjo, destinados desde antes de la revolución a manicomio central de las provincias gallegas, y en donde ha metido por lo pronto su Eminencia Reverendísima, dos o tres frailes mercedarios. La usurpación es notoria, pero seguros estamos de que ningún ministro se atreverá a adoptar el oportuno e inmediato remedio. Nosotros protestamos contra el abuso, más no por eso dejamos de admirar la habilidad del obispo. Y en verdad decimos, que si los tiempos lo consintieran, que si los prelados pudiesen terciar directamente en los negocios de la política, este suave, elocuente e intencionado señor Payá, sería de cierto, ya que no un Richelieu, cuando menos (y hasta por ciertos cortesanos gustos y aficiones), un cabal y perfecto Mazarino». Vicenti, *El Globo* (Madrid), 1883.

Que o arcebispado e que o cardeal en persoa asumiron o control da tolería galega coma un negocio, dado que xestionou a loucura en virtude dunha premisa de beneficios anuais, non é unha interpretación tendenciosa a partir da documentación conservada. Asegurouno el mesmo nunha carta dirixida ao seu sucesor, Martín de Herrera. O corportativismo institucional da Igrexa evidénciase cando afirma sobre as deputacións que eran “manipulantes de la Administración civil”:

«Por milagro se conserva tan preciosa finca. Cuando yo llegué a Santiago la encontré detentada por manipulantes de la Administración Civil e insistentemente solicitada por la Diputación de la Coruña, que por su cuenta pretendía construir allí un manicomio. Yo que estaba en el caso de defender todos los derechos de la Iglesia la reclamé con entereza, alegando que figuraba en el cuaderno de fincas diocesanas exceptuadas de permutación al lado del Palacio Arzobispal y del Consistorio. Me mantuve firme y aunque se pusieron en movimiento influencias contrarias de Madrid, Coruña y Santiago y en un día dado se presentaron los Diputados Coruñeses en los robledales de Conjo para vencer mi resistencia, las rechacé todas en cumplimiento de mi deber de conciencia a fin de conservar esta propiedad y dejarla mejorada a mis dignísimos sucesores. Entretanto vinieron de Roma los PP. Mercedarios, que aún ahora continúan, y allí me pidieron licencia para reparar una parte de su destrozado convento e instalarse allí para trabajar en el desempeño de su ministerio en aquella grey que sus antepasados, ejerciendo la cura de almas, habían dirigido por tanto tiempo. Consideré como justa esta petición y al mismo tiempo conveniente, por lo que nombré Ecónomo de la parroquia a uno de ellos, les cedí parte del edificio y huerta y les traté con benignidad, contra lo hecho por la revolución [a de 1868, a Gloriosa], considerando que en otro tiempo habían sido dueños de la Iglesia y Convento, aunque no de la tierra porque ésta siempre fue de los Prelados. Como el propósito de los contradictores era levantar allí un Manicomio, de que se carecía en Galicia, para asegurar más y más esta valiosa propiedad de la Iglesia, tan dignamente representada por los insignes Arzobispos de Santiago, me aventuré a gastar mucho, exploté una gran parte del terreno que ya produce bastante y emprendí la obra, fiado del auxilio de Dios. Este ha sido tan poderoso que ha podido V.E. apreciar lo muchísimo que vale todo lo que allí se ha hecho y en donde dejé todo lo que tenía gastado total y absolutamente en manos de mis dignísimos sucesores, entre los cuales ocupa V.E. lugar tan distinguido» (Arquivo Diocesano Santiago).

A misiva déixao moi claro. A Igrexa compostelá nunca tivo interese en deixar en mans do Estado (Deputacións) o negocio da demencia galega.

Todo isto contextualiza os célebres versos de Rosalía de Castro sobre a corta do bosque e dos xardíns de Conxo, publicados en 1884, cando entrou ao manicomio o primeiro alienado. “Nada allí quedó en pie”, clamou a poeta. E contextualiza, de paso, a intrahistoria argumental do primeiro tolo literario de Conxo. 4 anos antes, o protagonista de *El primer loco*, novela publicada en 1881, o Luis accedía coma enfermo en Conxo sendo aínda mosteiro, coa promesa de invertir cartos e convertelo nun deses centros modernos en onda, de maneira que a poeta se facía eco da búsqueda de capital, publicado nos xornais con insistencia, para a construción do manicomio, das

disputas entre as deputacións provinciais e o arcebispado e, así mesmo, das correntes psiquiátricas, do alienismo e a frenoloxía impartidos na facultade de Medicina de Santiago, entre outros, polo primeiro director do centro, Timoteo Sánchez Freire.

Canto ao retrato do cardeal Payá do Pazo de Tor, preside o comedor principal da casa. Foi restaurado con delicadeza o ano pasado. Hoxe apenas ten visible a pegada dun disparo recibido que lle rozou a cabeza no lance dunha discusión. Vai firmado en 1877, aos dous anos da súa promoción a Compostela, por “José Garabal Louzao”, iniciador dunha saga de pintores composteláns de maior ou menor fortuna. O artista asinou fachendoso como “Decorador oficial de la Corte”, un nomeamento protocolario, honorífico, que lle veu dado tras a visita de Alfonso XII á basílica xacobeá. Contan as crónicas que o retratista obsequiou aos borbóns con dúas pinturas, unha dunha galeguiña e outra dun galeguiño, dedúcese que baixo aquel estilo costumista, dun paternalismo de postal, que estaba tan de moda. O seu sobriño, Cándido Garabal, un pintor naïf involuntario e voluntarioso, repetiría a xogada, o regalo dunha parella de galegos aos señores de Tor, nunha sorte de parodia da lisonxa real do seu tío, mais cunha familia fidalga vida a menos.

Por rematar, nun recuncho da vitrina do Salón Norte do Pazo de Tor asoma una insignia de feltro. É a mesma insignia de capelán de honor da Súa Maxestade que loce no seu retrato o cóengo José María Varela, administrador do Hospital Real de Santiago cando a visita da raíña Sabela.





Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira



Concello  
de Ribeira



CASA DE ROSALÍA

A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO